

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 9

NADAL 2006



FELICES FESTAS !



C.E.I.P. MONTEMOGOS
BELUSO

ÍNDICE



EDITORIAL
EDUCACIÓN INFANTIL:
 BENVIDOS Ó COLE
 CHEGOU O OUTONO
IMOS CONTAR MENTIRAS
A ESCOLA DOS NOSOS AVÓS
ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN
ONTE E HOXE DAS NOSAS CASAS
OS TRABALLOS DOS NOSOS DEVANCEIROS
AS BALEAS
SAMAÍN
ILLA DE ONS, PARAÍSO NATURAL
ANIMAIS LETAIS
ESPECIES RARAS
OS XIGANTES DO PLANETA
MITOLOXÍA. Primeira parte
CONTOS
POESÍAS
O LIBRO VIAXEIRO
DEPORTES
PASATEMPOS
FELICITACIÓN



EDITORIAL

Como é tradicional, e para a nosa ledicia volta ao C.E.I.P. de Beluso o **FIADEIRO**, como sempre puntual no Nadal.

E aínda que as trombas de auga asolaron o noso pobo, entristecéndonos moito por algo que criamos moi afastado, iso non impediu que todos colaborasemos para que esta nova edición saíse á rúa.

Desde o noso corazonciño desexámosvos a todos un **BO NADAL** e un mellor **ANINOVO**.


Non esquezades que a próxima cita co FIADEIRO é o día das Letras Galegas e que a participación de todos é moi importante. Seguíde traballando para que esta revista poida saír á rúa durante moito tempo.

Un saúdo e moitas gracias pola vosa colaboración.

FELICES FESTAS!!

e un mellor

ANINOVO 2007!!



BENVIDOS!!

Nós entramos por primeira vez no colexio de Beluso. Todos temos 3 anos.
Ímonos presentar un por un. Somos:



Agustín


Andrea

Ainara

Bruno

Hugo

Carla



J.Carlos

Daniel

Jesús

Teresa

Manuel

Uxía



Ana

Alexandra

Martín

Raúl

Nick

Carlota



Iris

Clara

Sofía

Elisa

Julián

Iria


EDUCACIÓN INFANTIL

CHEGOU O OUTONO !!!

REFRÁNS, CANTIGAS E ADIVIÑAS


Educación Infantil 4 e 5 anos

En setembro se teño
trigo sembro.



En Outubro de folha
o campo cubro.


Trinta días
trae novembro
con Abril, xuro e Setembro.



Despois de Novembro, chega
Decembro, a variedade, e xa é
inverno de verdad.

CANTIGA

NA QUELA BANDA DO RÍO,
TEN MEU PAI UN CASTINEIRO,
BOTA CASTANHAS NO OUTONO,
UVAS NO MES DE XANEIRO.



A miña MARIA

o meu manuel
castaña asadas

Pucheiros DE mel

Pucheiros de mel

Pucheiros de mel

A miña MARIA


o meu MANUEL



AS CASTANHAS SON CASTANHAS
OS OURIZOS SON OURIZOS
OS TEUS OÍLOS MIÑA NENA
PAPA MIN SON SON DOUS FEITIÇOS

REFRÁN

CASTANHAS NO NADAL
SABEN BEN E PARTEN MAL




REFRÁN
POLO SAN
VAIVER O

MARTIÑO
TEU SOUTIÑO

ADIVIÑAS

Alto pauciño
 cun sombreirinho
 como a reda dun muiño
 o sombreiro follas ten
 e non llas conta
 ningún

COGO MELO




QUE COUSA COUSIÑA É
 PARA ADIVINAR É
 QUE PICA POR FORA
 E DA GUSTO POR DENTRO.

CASTAÑA




Estou encarnado
 e ben maduro
 antes do outono
 de min faran viño




UVAS

REFRAN

CON CASTAÑAS ASADAS
 E SARDIÑAS SALGADAS
 NON HAI RUÍN VIÑO


REFRAN

A horta no outono mantén o seu dono



IMOS CONTAR MENTIRAS

Heiche contar un conto
de vinte e cinco mentiras,
polo mar andan as lebres,
polo monte as anguías.



Polo mar
abaixo
vai unha formiga,
cunha man na testa
e un pé na barriga.

novos
con sola de chocolate,
os tacos son de azucre,
Mira que disparate!

Teño uns zapatos





Polo ceo vai voando
unha gran vaca,
leva o pixama posto
e unha bonita bata.

este enorme mandril
foi todo o que subín ó bote.

Fun pescar a Brasil
e non tiven moita sorte,



Onte vin na estrada
correndo a un elefante,
movendo moito a trompa
para adiantar a un xigante.



1º Curso.

A ESCOLA DOS NOSOS PAIS E AVÓS

Na Illa de Ons...

Os meus avós cando eran pequenos non podían ir á escola porque traballaban no monte coas vacas e non tiñan tempo para poder ir de día a clase. Ían de noite ó faro porque alí había un fareiro que lles ensinaba a ler e escribir.

Xa, cando os meus pais ían á escola aprendían igual que agora porque a escola era á mesma.

María, 2º B.

.....

A miña nai o que máis lle gustaba do colexio era cando facían o magosto, pois ían pasalo día ó monte. Alí asaban castañas e se pintaban a cara de negro.



Tamara, 2º B.

Cando o meu pai estaba na escola e non facía os deberes o castigaban sen recre.

Paula, 2º B.

Cando a miña avoa era pequena ían á escola pola mañá e pola tarde. Os nenos estaban nunha clase e as nenas noutra. A miña avoa só foi ata os doce anos porque tivo que poñerse a traballar para axudar ós seus pais.



Cando castigaban ós nenos púñanos de xeonllos cos brazos en cruz mirando cara á parede e cun libro en cada man.

Tíñan un só profesor e moí poucos libros.

O que máis lle gustaba a miña avoa eran os recreos.

Carmen, 2º B.

.....

Cando o meu pai ía ó colexio había máis alumnado nas aulas.

Había un grupo de gaitas, de danza e unha coral.

Nos recreos xogabamos campionatos de futbito.

Os nenos de oitavo curso vendían bocadillos e donuts para reunir diñeiro para a excursión de fin de curso.

Joel, 2º B.

.....

Cando a miña nai ía á escola os nenos ían para un colexio e as nenas para outro.

Daquela íase ó colexio con seis anos.

Cando se empezaba o colexio, levábase para escribir unha pizarra e para escribir nela un pizarrín. Para ler, un libro que se chamaba “El Primer Rayas”.

Juan, 2º B.

.....

Cando os meus avós ían ó colexio estaban no mesmo curso.

Portábanse ben coa profesora. Eran moí bos.

No patio non pelexaban nin daban patadas.

Xoel, 2º B.

.....

Esta historia pasoulle ó meu paí cando estivo no colexio de Beluso, onde agora estudio eu.

Era o ano 1984 e no colexio fixeron un campionato de ping-pong, no que o meu paí participou e gañou.

Logo seleccionaron a dous xogadores máis, un deles, o meu padriño, para ir xogar ó campionato do Morrazo, no que quedaron campións. Despois pasaron ó campionato provincial, no que participaban os colexios de toda a provincia de Pontevedra e volveron gañar.

Con isto conseguiron o primeiro título provincial de ping-pong do colexio de Beluso. Este título foi conseguido grazas ó profesor Don Luís (adestrador), que foi quen lles ensinou a xogar.

Naquel equipo do colexio estaban: Rafael Portela (meu pai) , Javier García (meu padriño) e Rafael Budiño.

Rubén, 2º B

A escola dos anos corenta...


Meus avós cando eran pequenos non podían falar en galego na escola.

O profe daba tódalas materias ata o 6º curso, pero non era obrigatorio ir ó colexio, pero era obrigatorio ir a relixión. Tamén estudiaban xeografía de tódolos países.



Os nenos e nenas que ían á escola despois de terminar a guerra civil, dábanlle no colexio un vaso de leite no recreo, e todos se puñan en fila para tomalo. Despois saían ao recreo.

Nina 2º B



ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN

O RINOCERONTE

O rinoceronte é un dos mamíferos terrestres máis grandes, de corpo robusto e patas curtas. Cada pé ten tres dedos funcionais, cubertos cada un cunha unlla parecida a un pezuño; os pés anteriores teñen un cuarto dedo non funcional. A pel é grosa, de cor gris ou castaña. Son miopes e estrábicos, pero teñen un olfacto e un oído excelentes. Teñen unha

lonxeidade de 40 a 50 anos, aínda que alcanzan a madurez aos cinco anos.



Os rinocerontes son nocturnos e solitarios, pero forman grupos pequenos cando viven en chairas herbáceas.

A femia pare unha soa cría, despois dunha preñez de 15 a 18 meses. A cría estará ao lado da súa nai dous anos e medio. Cando nace unha nova cría, a nai expulsa ao irmán maior.

Os rinocerontes viven en Asia e África. Hai cinco especies: rinoceronte negro, rinoceronte branco, rinoceronte de Xava, rinoceronte de Sumatra e rinoceronte indio.

O rinoceronte negro ten dous cornos e un labio superior afiado en forma de gancho. Polo contrario, o rinoceronte branco ten un labio recto, a cabeza moi alongada e tamén ten

dous cornos, pode acadar catro metros de longo e preto de 3.500 kg. de peso. O rinoceronte é só un pouco mais pequeno, mide ata 3,5 metros e pesa uns 1.600 kg.

En 2001 había uns 11.600 rinocerontes brancos e 3.000 negros. O rinoceronte negro ten reputación de perigoso, pero en realidade é tímido e tranquilo, e só ataca cando se sente ameazado.

Unha das causas principais da súa extinción é a caza para a obtención dos cornos, moi apreciados polo mercado asiático. Nalgúns pobos orientais o corno tritúrase e disólvese nas bebidas por considerarse un remedio moi bo contra as febres e contra o envellecemento.

Iria Rosas Regueira (3º B)


Roberto Pastoriza Rodríguez (3º B)

O CABALO DE MONTE GALEGO

As características deste animal son unha alzada entre 1'20 e 1'40 m., cabeza grande, cor castaña ou negra e unha gran fortaleza física. É un animal rexo, adaptado ao monte baixo e ao sotobosque de Galicia, As femias son de formas lixeiras e esveltas.

Non posúe moi boa visión (agás pola noite), pero si excelente oído e olfacto. Se intúe perigo fuxe.

O cabalo é un animal que sempre vai en grupo para protexerse dos depredadores, e



por iso sempre o vemos en mandas, a non ser que se trate dun exemplar enfermo ou dun macho expulsado da manda.

No grupo mandan unha ou dúas femias maduras. Elas son as que van buscando auga e comida, e todos os demais membros séguenas.

Comen durante todo o día, en pequenas cantidades que van inxerindo segundo se desprazan e entre as paradas que fan para descansar.

Á hora de parir, as eguas arrédanse do grupo e buscan un sitio tranquilo e protexido para que naza a cría, que tarda pouco menos dunha hora en sosterse en pé e comezar a mamar.

Actualmente están en perigo de extinción. Calcúlase que existe unha poboación dunhas 30.000 eguas, das que tan só unhas 5.000 conservan practicamente intactas as características propias da súa especie.

Rubén Patiño Otero (3º B)

Rudson Sanmartín Nunes (3º B)

O LINCE



O lince é un carnívoro da familia dos félidos, caracterizado por ter un aspecto parecido ao dun gato, pero de maior tamaño, coas patas máis longas, garras grandes e fortes, e orellas acabadas nun pincel de pelos de máis de 2 cm. de lonxitude; ademais, tamén posúe un penacho de pelos en cada meixela. É un animal de corpo robusto, que mide entre 65 cm. e 1'30 m. de lonxitude, e

está recuberto por unha pelaxe densa e suave de cor parda con manchas negras.

O hábitat varía segundo a especie; por exemplo, o lince boreal vive sobre todo nos bosques

de coníferas do norte de Eurasia, mentres co ibérico faino nas zonas de matogueiras típicas do bosque mediterráneo.

Son animais de costumes nocturnas e solitarias; as súas presas habituais son lebres, coellos, roedores, cervos pequenos e paxaros. Os linces son activos tanto en inverno coma en verán. A reprodución acontece en primavera, e a femia retírase a un refuxio para parir de 2 a 3 crías. Estas nacen a principios do verán e permanecen ao lado da nai durante o primeiro inverno.

Existen catro especies de linces exclusivas do hemisferio norte: o lince vermello norteamericano, o lince canadense, o lince boreal e o lince ibérico. Este último está distribuído pola Península Ibérica, ten un peso de 15 kg. e é un cazador silencioso que se vale da vista e do oído para capturar as súas presas.

É unha especie en alto risco de extinción. O último censo elaborado de este felino sitúa a poboación mundial en torno aos 200 exemplares. A principal causa desto é o acusado descenso de poboación de coellos, a súa principal presa.

María Nogueira Regueira (3ºB)

Katia Santomé Paredes (3ºB)

Ángela Villanueva González (3ºB).



O OSO PANDA

O oso panda é un animal mamífero que pode pesar 160 kg. e medir 1'50 m. de longo, e que tamén recibe o nome de panda xigante. A cor do seu característico pelame é branca e presenta unha franxa negra desde o lombo ata as patas, que son completamente negras coma as orellas e dous círculos arredor dos ollos.

O panda vive no sudoeste da China entre os 2000 e os 4000 m. de altitude, en bosques de bambú, xa que este vexetal é practicamente o seu único alimento.

O panda é un animal solitario e os individuos de distinto sexo só se reúnen na época de reprodución. O



apareamento ten lugar na primavera e as crías nacen a finais do inverno. A

femia pare entre unha ou dúas crías.

O oso panda está considerado coma unha especie en grave perigo e o goberno chinés está realizando diversos proxectos para a súa protección.

Laura Rial Ferradás (3ºB)
Patricia Torres Ferradás (3ºB)

O GOLFIÑO

Os golfinhos son mamíferos mariños, coma as baleas, pero de menor tamaño (miden entre 1 e 4 m. de lonxitude) e corpo máis alongado. Teñen unha aleta dorsal e iso fai que algunha vez se confunda con quenllas. A súa cola é moi forte e




emprégana para impulsarse ao nadar e para dar grandes saltos fóra da auga. Os golfinhos respiran cando soben á superficie por un orificio que teñen na parte posterior da súa cabeza. Teñen moi desenvolvidos os sentidos da vista e do oído, e dispoñen dun sistema natural de sonar, chamado ecolocación, que lles serve para orientarse.

Viven en todos os mares do mundo e aliméntanse de peixes e luras que atrapan cos seus afiados dentes.

Estes animais comunícanse mediante unha serie de estalos, berros e asubíos.

Hai unha gran variedade de golfinhos: o máis común é o golfinho de nariz de botella ou mular, que é o que se adestra nos espectáculos con golfinhos, pero hai outros como o golfinho

rosado, que vivía nas augas doces do Amazonas. Tamén pertencen ao grupo dos golfinhos as candorcas e os caldeiróns.




Lucía Martínez Reiriz (3º B)

ONTE E HOXE DAS NOSAS CASAS

En que ano chegaron ás vivendas as diferentes instalacións?

LUZ.- Na década dos 50, aínda que nalgúñas foi nos 40.




AUGA.- Instalada en cocinas e baños a partir de 1970.

GAS.- Final dos anos 60.

TELÉFONO E AUTOMÓBIL.- Despois de 1975.

Sen estas instalacións non eran posibles os electrodomésticos, que foron chegando paulatinamente: frigorífico (1960,1970), radio (1950,1960), televisión (1960,1970), lavadora (1980). Datos obtidos a raíz dunha pequena enquisa.

Tampouco tiñan relevancia as profesións de fontaneiro, electricista, técnico... E non existían todos os aparellos que recentemente foron chegando ás nosas vidas: teléfono móbil, microondas, lavalouzas, ordenador, secadora...



Como se facía antes para...?

COCIÑAR.- Recollíase leña, prendíase o lume na

lareira, púñase a trepia... polo menos tres veces ó día.

BAÑARSE.- Nunha palangana ou nunha tina. Había que quentar antes a auga.

CONSERVAR OS ALIMENTOS.- Salgados (no dorneiro), afumados, secos, gardalos un tempo en sitio fresco.


LAVAR A ROUPA.- No lavadoiro público (tamén nos fríos días de inverno).



COMUNICARSE COS ACHEGADOS.- Mandando recado por nenos, veciños... E por correo.

A ALIMENTACIÓN.- Escasa, pobre e repetitiva. Maiormente do que se cultivaba, peixe e porco.

UNHA VISIÓN RETROSPECTIVA




DESDE OS OITO ANOS:

Loxicamente con todas estas actividades **O TEMPO DE LECER** era escaso; como moito, algún día de choiva que non tiñan que ir á leira, ó monte, atender ós animais, fender vimbias, debullar o millo, pranchar (requería facer brasas e un considerable esforzo físico).



Os rapaces axudaban en moitas tarefas e no tempo libre xogaban nos camiños, facían carrilanas, trampas para os paxaros, bonecas de follato...



A vida naquela época sería mala e distinta á de agora. Naquel tempo os rapaces teríamos pouco tempo para xogar. O non ter auga tería que ir buscala á fonte cun caldeiro moitas veces ó día, despois coas vacas á veiga



e se me quedase un pouco de tempo podería xogar á pita... Sen luz, nada de tele e, antes de que fose noite, para a cama.

Era unha vez un neno que vivía nos anos vellos. Este neno non paraba de axudar á súa nai.

Un día non contestaba e a nai preocupouse moito. Despois decatouse de que o neno estaba xogando, e deixouno seguir. Cando rematou de xogar volveu á súa casa e púxose a lavar a roupa, fregar os pratos, varrer o chan.. pero agora... No tempo de lecer ponse a xogar.

3º A.



OS PRIMEIROS TRABALLOS DOS NÓSOS DEVANCEIROS

Co fin de coñecer mellor o mundo en que viviron e a súa vida, os nenos/as do 4º nivel, fixemos esta pequena enquisa ós nosos devanceiros (bisavós/as, avós/as)

- 1) Cal foi o seu primeiro traballo?
- 2) Onde foi?
- 3) Que idade tiña cando empezou a traballar?
- 4) Canto cobraba?
- 5) Que facía no traballo?
- 6) Canto tempo estivo nel?
- 7) En que ía a traballar?
- 8) Cantas horas traballaba ó día?
- 9) Cantas vacacións tiña?
- 10) Compare ese traballo cos de agora?

Realizamos 32 enquisas e delas quitamos os seguintes resultados:

Con respecto á 1ª pregunta: **Cal foi o seu primeiro traballo?**

Vemos que a maioría foi mariñeiro (11 respostas), seguido de empregados nas conserveiras (5 respostas), labregos (4 respostas), albaneis (3 respostas), empregados do fogar (3 respostas), transportes varios (2 respostas), zapateiros (1 resposta), dependentes do comercio (1 resposta), barbeiros (1 resposta), e costureira (1 resposta).



Con respecto á 2ª pregunta: **Onde foi?**

As respostas foron:

Beluso, incluíndo a praia de Tulla e praia de Beluso: 11

Na Ría e a Illa de Ons: 7

Bueu: 6

Aldán: 2

Coiro: 2

Vigo: 2

Dorrón: 1

Marín: 1

Polo que nos decatamos que a xente empezaba a traballar preto da súa casa.

Con respecto á 3ª pregunta: **Que idade tiña cando empezou a traballar?**

As respostas foron:

Menos de 11 anos: 5

De 11 anos: 3

De 12 anos: 5

De 13 anos: 2

De 14 anos: 7

De 15 anos: 1

De 16 anos: 3
De 17 anos: 1
De 18 anos: 1
Máis de 18 anos: 4



Vemos que se empezaba moi pronto a traballar, a maioría ós 14 anos ou antes.

Con respecto á 4ª pregunta: **Canto cobraba?**

Polas respostas deducimos que os xornais eran moi baixos ou non existían, así temos que ata cinco deles non cobraban nada ou só a comida.

Con respecto á 5ª pregunta: **Que facía no traballo?**

As respostas nos levan a que empezaban de aprendices pero axiña facían traballos como os demais.

Con respecto á 6ª pregunta: **Canto tempo estivo nel?**

Nos decatamos que case todos seguiron bastante tempo.

Con respecto á 7ª pregunta: **En que ía a traballar?**

Polas respostas sacamos que a maioría ía camiñando e só en algún caso en autobús ou bicicleta.

Con respecto á 8ª pregunta: **Cantas horas traballaba ó día?**

As respostas lévannos a que os horarios de traballo eran moi amplos, de 12 a 14 horas na maioría.

Con respecto á 9ª pregunta: **Cantas vacacións tiña?**

A resposta é *ningunha* de forma case xeral, só en tres casos tiñan algúns días.

Con respecto á 10ª pregunta: **Compare ese traballo cos de agora.**

Todos din que agora é moito máis doado, grazas ás novas maquinarias, o que trae consigo moito menos esforzo.

Como exemplo das enquisas imos mostrar 4 das 32 feitas.

1ª Entrevista:

- 1ª: Mariñeiro de baixura.
- 2ª: Pola ría e a Illa de Ons.
- 3ª: 16 anos.
- 4ª: 100 pesetas ó mes.
- 5ª: Pescar, limpar os aparellos, remar, etc.
- 6ª: Toda a vida, ata a idade da xubilación.



- 7ª: Andando ata o barco.
- 8ª: Unhas 14 horas.
- 9ª: Ningunha.

10ª: Agora non se traballa como no pasado, dado que existe moita maquinaria que fai de man de obra e ademais na actualidade a xornada de traballo é máis reducida.



2ª Entrevista:

1ª: Traballaba nunha fábrica de peixe.
2ª: Na praia de Beluso.
3ª: 15 anos.
4ª: 18 pesetas aínda que ó ano subíronme a 60 pesetas.
5ª: Dáballe servizo ás persoas maiores, ó ano xa pasaba á categoría de adulta.
6ª: Ós 15 anos cambiouse á fábrica de Massó ata que pechou.
7ª: Andando e no autobús de Cerqueiro.
8ª: O mínimo 8 horas pero temos chegado a 12.
9ª: As veces 8 días polo Nadal ou en xaneiro se non había peixe.
10ª: Antes 4 mulleres facían 60 latas de peixe por minuto e agora unha persoa fai 300.

3ª Entrevista:

1ª: Traballaba de albanel.
2ª: Polas casas da zona.
3ª: 14 anos.
4ª: 50 pesetas.
5ª: Estaba de aprendiz e dáballe servizo ós maiores.
6ª: Toda a vida desde os 14 anos ata os 63 que teño.
7ª: En bicicleta.
8ª: De 8 a 10 horas.
9ª: Ningunha.
10ª: Antes facíase a masa a man e agora faina a máquina. Antes levábase en caldeiros e agora sóbese con guindastres.

4ª Entrevista:

1ª: Cortar toxo.
2ª: Na Illa de Ons.
3ª: 8 anos.
4ª: Nada, un anaco de pan.
5ª: Labrar, cortar toxo e sementar.
6ª: 30 anos,
7ª: Andando.
8ª: Ata que era noite pechada.
9ª: Deso non había.
10ª: Antes era unha escravitude, agora trabállase as horas contratadas.



NENOS
E
NENAS
DE
4º
NIVEL

AS BALEAS


A balea é o animal máis grande do mundo. Unha das cousas que máis nos chama a atención ó falar das baleas é o enorme tamaño dalgunhas delas. Se as nomeamos serían : Balea Minke, Balea Piloto, Narval, Balea Branca, Balea azul, Orca, Cachalote, Balea Franca...

Sabías que nalgunhas especies de baleas, o seu corazón pode pesar e ser tan grande como un coche utilitario? Pois si, e tamén poden chegar a medir entre 25 e 30 m. de lonxitude, pode pesar desde 150 ata 200 toneladas, o seu corpo está cuberto dunha espesa capa de graxa que lle permite manter a súa temperatura corporal entre os 36 e 37 graos, incluso en augas moi frías.

En case todas as baleas o seu corpo acaba nunha gran aleta horizontal, dotada dunha potente musculatura, o que lle permite avanzar, a algunhas especies, velocidades de 40 e 50 km. por hora.

As baleas a pesar de que viven no mar, non son peixes senón que son mamíferos, e como todos os mamíferos non teñen branqueas,


polo que non poden respirar baixo a auga, pero algunhas especies como o cachalote poden chegar a permanecer unha hora mergullados e sen respiración, chegando a descender ata 1000 m. de profundidade.




As baleas aliméntanse de formas diferentes dependendo da especie. Unhas teñen dentes como a Balea Branca, que se alimenta de grandes presas como a lura xigante, que atrapa correndo varios km. baixo a auga, ata detectalos co seu sonar na máis absoluta escuridade.

Outras especies non teñen dentes, sendo substituídos por unhas barbas. Ditas barbas están formadas por láminas corneadas fixadas á mandíbula superior que actúan como un gran filtro, que lle serve para atrapar o seu alimento preferido, o plancto, o “ kril “ e outros pequenos crustáceos.

A balea traga toneladas de auga de mar, que despois saca da boca, filtrándoa con ditas babas. Despois saca grandes cantidades de alimentos que quedan atrapados sendo recollidos pola súa enorme lingua.



Outras especies sen dentes, teñen barbas máis curtas. Aliméntanse recorrendo o fondo e furgando no limo coa boca aberta, filtrando así os seres que se esconden nel: vermes, moluscos e pequenos crustáceos. Este tipo de baleas viven xeralmente preto da costa.



As baleas femia son sempre máis grandes cós machos, e soen vivir en parellas ou en pequenos grupos, e aparéanse en mares temperados ou cálidos.

As crías de balea son capaces de nadar ó nacer. Aliméntanse do leite que lles proporciona a súa nai, podendo chegar a engordar 50 Kg. diarios.

A xestación das crías dura desde 10 ata 12 meses. Estas crías, que pesan cerca de 2 toneladas ó nacer e miden 4,5 m., medran moi a presa, deixando de tomar leite da nai entre os 7 e 12 meses despois de nacer, dependendo da especie e do estado da cría. Durante este tempo as crías acompañan ós seus pais nas migracións, sendo protexidas por todos os compoñentes do grupo, independentemente do seu parentesco.

Dise que as baleas, son verdadeiras cantantes, emiten sons, vibracións e suspiros. Cando

sacan a cabeza fora da auga emiten unha especie de bramido.

Descubriuse que a balea Iumbarta emite un verdadeiro canto que pode alongarse durante horas. Estes cantos están compostos por retrousos que se repiten continuamente, nestes vanse engadindo variacións. Cada espécime ten unha voz diferente, pero os cantos son comúns ó grupo. Estes cantos poden oírse a 30 km. de distancia.

Quen os escoitou queda marabillado, pois din que estes cantos son capaces de penetrar nos sentimentos humanos.

Ninguén pode predicir a onde nos levará a nosa compaixón polas baleas, nin o que poidamos descubrir do cerebro dos cachalotes, ou sobre os cánticos da balea Iumbarta. O enxeño humano, na súa máis alta expresión, non conseguiu crear nada tan marabilloso e complexo como as baleas. Pola contra, temos nas nosas mans o poder facer que sigan existindo.



A decisión que tomemos pode marcarnos máis a nós que ás propias BALEAS.

5º Curso.

SAMAÍN/GALICIA HALLOWEEN/ EEUU

Tódolos nenos coñecemos a festa de Halloween que se celebra sobre todo en Estados Unidos. O costume é disfrazarse de bruxas, demos, pantasmas... e ir de casa en casa pedindo lambetadas.



Celébrase o día anterior ó día de Tódolos Santos, é dicir, a noite do 31 de outubro. “Tódolos Santos” en inglés “All Saints” e a tarde anterior dise “All Saints evening”. Co tempo abreviouse o nome dando por resultado o actual “Halloween”.

Pero... a que non sabíades que esta festa é de orixe celta? A noite do Samaín, o 31 de outubro, era unha das datas máis importantes do calendario celta. Sinalaba a fin do verán e o nacemento do inverno. Era a festa principal dos guerreiros que, reunidos nos camposantos en asemblea con todo o pobo, celebraban este feito cun gran banquete. Crían que nesa noite os



espíritos dos mortos andaban ceibes pola terra e que podían levar ás persoas para o outro mundo. Para librarse da súa influencia maléfica, ó chegar a noite, poñían arredor dos seus castros as

caveiras dos guerreiros vencidos alumeadas cunha candeia. Pretendían así asustar as pantasmas errantes e afastalas das súas casas.



O costume actual, do tempo de outono, de tallar caveiras nas cascas dos melóns ou das cabazas, e poñelas á noite nos currunchos e nos camiños é a lembranza das antigas tradicións celtas. Estendido aínda hoxe por aqueles países cun mesmo pasado celta, foi levado a América do Norte polos inmigrantes europeos e alí acabaría callando nas modernas celebracións do Halloween.



A festa cristiá de Santos e Defuntos, que se conmemora o 1 de novembro, tería tamén a súa orixe nas celebracións do tempo de Samaín.

**ÁNIMO E PARA O ANO QUE VÉN
TODOS A CELEBRAR O SAMAÍN!**

Sheila, Laura, Judit 6º A.



ILLA DE ONS: UN PARAÍSO NATURAL

Situación

A Illa de Ons con 5'5 km de lonxitude, pertence ó Concello de



Bueu, provincia de Pontevedra. Sitúase na entrada da ría de Pontevedra e atópase acompañada pola de Onza e varios illotes de pequeno tamaño.

Ons ten unha superficie de 414 hectáreas que a converten na segunda illa de Galicia en extensión despois da Illa de Arousa.

Formada por granito e dous tipos de micas, presenta un perfil suave cunha depresión central



bastante acentuada. A súa cota máis alta é o Monte do Cucorno (128 m) onde está o faro.

A vertente oriental mira á Ría de Pontevedra, amosa algunhas praias e preséntase rectilínea e suave. A costa oeste, enfrontada co Océano Atlántico, ten un perfil recortado con enseadas, cantís e furnas entre os que destaca o Buraco do Inferno de gran interese turístico.

A illa de Onza ou Onceta está separada da anterior por unha canle de 600 m. chamada “Freu da Porta”.



Flora

Ó mesmo tempo que as Illas Cíes, posiblemente existiu na Illa de Ons unha boa arboreda autóctona de dous tipos rebolo ou cerquiña, hoxe desaparecida. A flora máis representativa constitúena os toxos, os breixos, algún pé illado de salgueiro nos regatos, piñeiros e eucaliptos de repoboación.

Fauna

O Arquipélago constituído polas Illas de Ons e Onza abranguen unha das mellores colonias de cormorán moñado de



Galicia, á que se suma unha gran colonia de gaivota patiamarela.

Destaca a presenza de aves de pendente como a chova piquivermella e o vencello real. En Ons abunda o eslizón ibérico e o endemismo ibérico, pero de distribución moi reducida en Galicia. Dende a costa é frecuente observar o paso de golfinhos mulares (tamén chamados “arroaz”) e golfinhos comúns ademais da exhibición de charráns á captura de pequenos peixes nas súas augas cristalinas.

Entre os reptis destaca a cobra de escaleira e o lagarto ocelado.



A illa é un importante lugar de descanso para as aves migratorias e os seus fondos mariños posúen

unha gran riqueza.

Un pouco de historia

Parece ser, polos restos arqueolóxicos, que inclúen o “Castro dos Mouros” na zona sur, que a illa estivo habitada desde tempos moi lonxanos. Sufriu ó longo da historia o ataque de piratas e viquingos e tentativas para convertela nun enclave militar. No ano 1955 contaba con máis de 500 habitantes. A partir desta data, o censo foi descendendo. No 1975 non chegaba a 200, e en 1986 só vivían en Ons 16 persoas.



O illamento durante longos períodos de tempo dos habitantes de Ons provocou o xurdimento de toda unha cultura isleña cargada de lendas e supersticións de gran interese antropológico e dunha menciña popular baseada en herbas medicinais.

A propiedade da illa de Ons pasou ó longo da historia por mans de diversos particulares, que arrendaban as terras ós seus habitantes. Nunca puideron ser donos da casa que habitaban nin da terra que cultivaban. Desde que o Estado expropiou a illa pasou por mans de militares, do Instituto

Nacional de Colonización, do Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario, do ICONA e da Xunta de Galicia. Agora está dentro do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Lugares de interese

O buraco do Inferno: Atópase na zona sur da illa, é unha perigosa greta que descende



verticalmente cara ó mar. Pódese entrar en barca pola parte de abaixo. Existen moitas lendas e supersticións sobre este lugar. Din os nativos que nos días de temporal escóitanse os berros e xemidos das ánimas que atrapou o demo. Probablemente, a orixe destas lendas sexa o temor que daba a quen se aproximaba ós sons dos araos que aniñaban no seu interior. Unha cruz no acantilado, lembra a un gardamariña que morreu o esvarar e caer dentro.

Praia de Pereiró: Durante a marea baixa vese o arrecife rochoso e a gran riqueza dos fondos mariños que arrodean a illa.

Mirador de Fedorentos: Situado sobre o acantilado, ó sur.



Praia de Fedorentos: Na enseada de Fedorentos, fronte á illa de Onza. É a máis recollida e de difícil acceso. Ten unha cova.

Praia de Melide: Praia nudista situada no norte da illa.

Laxe do Crego: É un sepulcro antropomorfo onde enterraron a un monxe do mosteiro que parece ser houbo na illa. Durante a marea baixa pódese acceder desde a praia Area dos Cans.



Mirador de punta Centolo : situado no extremo norte.

Faro: O primeiro data de 1865. Sufriu melloras ata que no 1926 construíuse o novo, funciona con paneis solares.

Ángela, Mónica, Tania e Cristian 6º A.

ANIMAIS LETAIS

No mundo existen uns animais un tanto especiais: son os chamados animais letais. Estes animais non son característicos pola súa beleza senón porque son moi perigosos para o ser humano. Nada ten que ver co seu tamaño porque unha simple avessa ou unha araña, co seu letal veneno pode causar a morte. Aínda que só atacan cando son molestados ou cando queren defenderse hai que ser moi precavido ese é o mecanismo que garante a supervivencia. Estes animais tamén necesitan protección porque unha gran variedade deles, son unha parte moi importante da biodiversidade.

AVESPA MARIÑA

É o animal co veneno máis letal da Terra . Consta de sesenta tentáculos que inxectan un veneno tan potente que pode chegar a matar a un humano adulto con só 1.4 miligramos do seu veneno.



Este animal encóntrase nos mares de Australia.

SERPE MARÍÑA


Réptil de veneno moi letal. É a serpe máis venenosa do mundo. Inxecta o seu veneno mordendo a súa vítima. As serpes mariñas pódense encontrar en calquera mar da



Terra. Polo xeral miden cerca de 1,5 m., pero algunhas especies poden alcanzar os 2,7 metros. As serpes mariñas son ovovivíparas, e dicir, os ovos ábrense no interior do corpo da femia. A maior parte das especies non abandonan a auga. A súa cola en forma de remo, é ancha e aplanada. Carecen de branquias e necesitan saír a superficie para respirar, pero poden permanecer somerxidas durante horas. Aliméntanse de peixes, ós que paraliza co seu veneno, pero non atacan o ser humano a non ser que se sintan ameazadas

PEIXE PEDRA

Este é o peixe máis venenoso da Terra. Ten púas na



aleta dorsal, cada púa ten unha glándula velenosa. A súa aparencia de rocha pode ser moi perigosa, xa que o bañista corre o risco de pisalo e envelenarse. Ten un veneno extremadamente perigoso e, normalmente, a vítima non logra sobrevivir, e se o fai, a ferida tarda varios meses en curarse.

SERPE TAIPÁN

Este réptil, de catro metros




de lonxitude, resulta moi perigoso para o ser humano ó ser o animal máis perigoso en terra firme. É unha serpe habita no centro-oeste de Australia. Unha gota do seu letal veneno pode matar a 12 persoas adultas. Os efectos do veneno sobre o corpo preséntanse en forma de dores de cabeza, náuseas, vómito e dores estomacais. Os efectos secundarios son: desfacer o tecido muscular; o veneno contén un anticoagulante para que non pare o sangrado, o que pode causar unha hemorraxia mortal.

RA PUNTA DE FRECHA

É o anfibio máis velenoso de toda a Terra. Todo o veneno desta ra é tan potente que pode matar a 1.500 persoas. Chámase “ra punta


de frecha” porque os nativos, mollaban a punta dunha frecha con seu veneno á hora de cazar



para matar ó animal de forma rápida. Tamén chámase Ra do Dardo Dourado.

PULPO DE ANEIS AZUIS

É o cefalópodo máis velenoso da Terra. A súa picadura introduce saliva velenosa dentro da ferida da vítima. Esta saliva contén un veneno que pode causar parálises respiratoria. Se non se trata, a morte pode ocorrer durante aproximadamente a seguinte hora e media.



ARAÑA DO BANANO


É a araña co veneno máis potente de todas as arañas. Non é moi perigosa para os seres humanos porque os seus



quelíceros rara vez atravesan a pel. O seu hábitat habitual é Sudamérica. É de color café con manchas; ten un tamaño aproximado de 5 centímetros.

VIÚVA NEGRA

É a araña máis perigosa para o ser humano, xa que os seus quelíceros poden atravesar a pel humana. O seu veneno é tan




potente como o de 15 serpes de cascabel xuntas. Chámase así, porque a femia come á súa propia parella

despois do apareamento. Diferénciase das demais porque na cara inferior do abdome ten unha marca vermella en forma de reloxo de area. Normalmente habita nos climas temperados e en lugares escuros e esquecidos. A femia é moi perigosa para o ser humano, pero o macho non.

ARAÑA RECLUSA PARDA

Despois da viúva negra, é a araña máis perigosa para o ser humano,. É característica porque o lombo ten unha forma de violín. Habita en lugares esquecidos, sobre todo nos Estados Unidos. A súa picadura mata as células da pel, o que pode ter como



consecuencia a amputación do órgano afectado.

ESCORPIÓN OU ALACRÁN

Pertence os artrópodos. Polo xeral, os alacrás, son de color pardo e miden entre 6 e 20 centímetros de lonxitude. Vive nas rexións tropicais, cálidas e secas. É un animal nocturno que se alimenta sobre todo de arañas e insectos. Cando as crías nacen permanecen coa súa nai durante un breve período de tempo.

Captura ás súas vítimas coas pinzas e dálle unha picadura co seu aguillón



abdominal incapacitándoas. A picadura pode producir febre alta e nalgúns casos estado de coma, podería ser mortal.

Uxía, Beatriz, Ángela, Lorena e Carlos 6ºB.

ESPECIES RARAS

Os animais raros son aqueles que teñen características que chaman a atención, como pode ser nacer de ovos e mamar, ter un físico raro, parecerse a algún obxecto, carecer de determinados órganos, ... e este traballo trata do estudio de algún deles.

AVE DE LIRA

O seu nome débese a que a súa gran cola ten dúas anchas



plumas de cor castaño en forma de “lira” e outras centrais alongadas toman posición da “corda”. É unha das aves passeriformes máis grandes do mundo. Do tamaño dun galo, pero cunha cola parecida a do pavo real aínda que máis baixa. É orixinal de Australia e vive en brañais e lugares lóbregos das súas selvas. Os machos son polígamos e fan espectáculos movendo a cola para atraer á súa femia. O exhibirse é unha ave moi fermosa.

O CERVAL

Os cervais habitan na sabana e nos bosques tropicais, pero prefíren as áreas onde existe auga. Isto con frecuencia significa



que os cervais vivan illados xeograficamente. O cerval non forma grupos, é un animal moi solitario. Come roedores, antílopes novos e paxaros. Ten ata catro crías, logo de setenta e sete días de xestación.

OS KIWIS

Os kiwis son aves non voadoras. Teñen unhas ás miúdas que se atopan ocultas entre as plumas do seu corpo e carecen de



cola. O seu tamaño é parecido o dunha galiña doméstica, pero co corpo máis longo e patas fortes e

poderosas. O seu pico, longo e curvado, é usado para sondar o solo na busca de comida. É unha especie de ave que se atopa distribuída por Nova Celandia. Vive en zonas de selva, montes de pinos exóticos e terras de labranza con matogueiras e pastos. As femias dos kiwis poñen un ovo que equivale á cuarta parte do seu peso.

OS ORNITORRINCOS.

O ornitorrinco é un mamífero australiano e tamén da illa de Tasmania con boca parecida ó peteiro dun pato, pés palmeados e corpo cuberto de pelaxe. A súa cola, ancha e plana, sérvelle ó animal como zona de almacenamento de graxa. Ten un conducto reproductor similar ó das aves e réptiles. Na época de apareamento, os machos defenden os seus territorios e teñen un esporón venenoso en cada pata traseira co cal tratan de ferir aos



seus rivais. O apareamento prodúcese na auga. Poñen dous ovos pero en ocasións un ou tres. Cando están incubados, as crías aliméntanse de leite, que chupan das aberturas das glándulas

mamarias da súa nai durante tres ou catro meses. Cando é adulto, aliméntase basicamente de larvas, insectos e pequenos peixes. É unha especie que ten unha vida longa pero está en perigo de extinción.

WOMBATS

Encóntranse nos bosques abertos do sueste australiano. Ó igual cos canguros, os wombats son marsupiais vexetarianos.



Teñen mandíbulas fortes e dentes afiados. Pasan as noites pacendo a súa comida favorita: pasto e raíces. Os wombats poden reproducirse despois dos dous anos. Os recién nacidos, miden menos de 3 cm. de longo, e os machos adultos poden medir máis dun metro e pesar máis de 30 quilos. Son os marsupiais, que máis tempo viven ás veces máis de vinte anos.

O MANATÍ

Os manatís son grandes mamíferos que chegan a pesar ata 500 quilos e alcanzan máis de tres metros de lonxitude. Posúen unhas


extremidades anteriores flexíbeis que utilizan como rema mentres nadan e que tamén usan para soste o alimento. O seu corpo acaba nunha cola con forma de gran remo.



Son animais solitarios. Cando nacen as crías de manatí que pesan 30 quilos e miden 120 cm., aliméntanse do leite da súa nai, durante case un ano e permanecen con ela ata dous anos. Son os únicos mamíferos mariños herbívoros. Comunícanse entre eles cun coro de voces que soan como rechíos. Chegan a vivir arredor de setenta anos.

O AGUANEIRO

Ten moitos nomes: furapresas, desmán, toupeira de auga, rato almisqueiro, toupia de río. É un dos animais máis curiosos e primitivos da nosa fauna. É inconfundible: ten un focinho longo, aplanado e ancho. As patas teñen entre os cinco dedos, membranas interdixitais apropiadas para nadar, sendo as traseiras máis desenroladas. Ten os ollos moi



pequenos e non se lle miran orellas. O pelo é espeso e con aspecto brillante. Os bigotiños da trompa son fundamentais, xa que este animal caza polo tacto, que é o sentido máis agudizado que ten. Come de todo: miñocas, insectos de todo tipo, larvas, algúns peixes pequenos... Nada polo fondo do río con moita rapidez, e non lle gustan as augas sucias.

LEIRÓN CARETO

Encóntrase en case toda Europa, os de Galicia son máis escuros. O seu nome ven dunha franxa de pelo negro, coma un antifaz, que lle enmarca os ollos e cubre parte da cara. Os adultos presentan un dorso pardo-vermello e



ventre branco. A cola é longa e está cuberta de pelos cun rechamante pincel de pelo longo branco e negro no extremo. O focinho é alongado e as orellas grandes.

Reprodúcese unha vez ó ano e adoitan ter entre catro e seis crías. A súa alimentación é moi variada predominando os elementos de orixe animal (insectos, roedores, anfíbios, etc.) e os de orixe vexetal (froitos , sementes, etc.) tamén consume ovos, cera e mel.


Dani, Jacobo, Miguel, P. Pousada, P. Reiriz, Sergio 6º B.

OS XIGANTES DO PLANETA

No noso planeta existen algúns animais que destacan polo seu enorme tamaño. Neste traballo imos falar das características dalgúns deles ós que poderíamos chamar xigantes dentro do grupo ó que pertencen.

Balea azul

A balea azul é o mamífero mariño máis grande que existe. É unha especie practicamente desaparecida. Calcúlase que quizais no Atlántico noroccidental sobrevive unha poboación duns 1.000 individuos. Pode acadar unha lonxitude de 30 metros e un peso de case 130




toneladas. A pesar do seu enorme tamaño é un animal moi veloz, podendo alcanzar no momento de fuxida unha velocidade de 37 km/h. Aliméntase de plancto, crustáceos e pequenos peixes que filtra gracias as finas barbas situadas na súa enorme boca. Cando queren aparearse realizan unha emigración a mares cálidos e despois dunha xestación de doce meses nace unha cría que pode pesar ó nacer 2.000 quilos.

Elefante africano

Este enorme elefante é o mamífero terrestre máis grande que existe. Habita na sabana, selvas de espesa vexetación e pantanos. Coa cabeza mide entre 6 e 7 metros, e o


rabo de 1 a 1,30 metros. Pode comer ata uns 170 quilos de herba, carapa das



árbores e arbustos. As femias poden ter fillos a partir dos 14 anos. O período de xestación é de 17 a 25 meses. Normalmente só teñen unha cría que pesa ó nacer cerca dos 100 quilos. Forman grupos duns 70 individuos aínda que os machos adultos prefiren unha vida solitaria.


Avestruz

É unha ave corredora, a máis grande que existe no noso planeta. Vive en África. Esta impresionante ave pode alcanzar unha altura de 2'75 metros e un peso de entre 75 e 150 quilos. Aliméntase de herba, sementes, insectos, pequenos vertebrados... Cando se reproduce un macho pode ter varias femias. A posta consta de 6 a 8 ovos que son incubados durante un tempo de 42 a 48 días. É un animal moi lonxevo que pode vivir entre 30 e 40 anos.



Tiburón balea


O tiburón balea é o peixe máis grande do mundo. Habita nas augas tropicais e subtropicais, arredor de



toda a Terra. Poden chegar a medir máis de 20 metros e pesar 12.000 quilos. Aliméntanse de plancto, luras e pequenos peixes. Son ovíparos e o seu número de crías é variable. Un de cada cen tiburóns desta especie son capturados cada ano en Taiwan, o que fai que o futuro deste peixe, de lento crecemento, sexa preocupante.

Crocodilo poroso

O crocodilo poroso é o réptil máis grande que existe. Pode acadar unha lonxitude de ata 10 metros. Vive no Indopacífico e no norte de Australia. É carnívoro, capaz de cazar e comer mamíferos máis grandes ca el. Cando se reproducen poñen entre 30 e 90 ovos que son incubados durante un período duns 90 días. Este enorme animal pode aguantar nadando unha distancia superior ós 1.000 quilómetros.



Lura xigante

A lura xigante é o molusco máis grande que existe. Habita nas profundidades mariñas do Cantábrico, Azores, Nova Zelandia, Canadá, Antártida ... entre 400 e 1.500 metros en augas completamente escuras. Pode alcanzar unha lonxitude de ata 25 metros e algún deles pesar 13 toneladas. Os ollos destas luras poden medir ata 25 centímetros e os tentáculos 16 metros. Aliméntase de peixes, cefalópodos e crustáceos. Os



únicos predadores que ten este colosal animal son os cachalotes e outras luras.

Titanus giganteus

O Titanus giganteus é o insecto máis grande do mundo. Pode acadar ata 17 centímetros de lonxitude e un peso de 100 gramos. Vive en América do Sur en Ecuador, Perú, Venezuela, na conca amazónica de Brasil ... A vida



secreta deste insecto é un

misterio. Os machos adultos aparecen e voan entre os meses de decembro a marzo durante a noite. A vida das femias é bastante descoñecida pois foron capturadas moi poucas. É un insecto vexetariano.

Alexandra, Andrea, Jesús, José Carlos e Raquel 6º B.

MITOLOXÍA. 1ª Parte

QUE É A MITOLOXÍA?

A mitoloxía é o conxunto de mitos, lendas e relatos fabulosos protagonizados por deuses ou por heroes que pretenden dar unha explicación á orixe do universo..



Os seres humanos preguntáronse sempre polas súas orixes, pola morte ou por fenómenos naturais como o día, a noite,

o mar, o crecemento das plantas, etc. Os mitos nacen para intentar explicar estes feitos.

Os mitos non contan as causas reais dos fenómenos que intentan explicar; son historias imaxinadas.

A mitoloxía exerce moita influencia na literatura e na arte.


SERES MITOLÓXICOS: DEUSES E HEROES

Os **protagonistas** dos relatos mitolóxicos son **os deuses e os heroes**.

Os **deuses** posúen calidades físicas e persoais extraordinarias. Son moi fortes e moi fermosos, poden cambiar de forma, ven todo, adiviñan o futuro ... e ademais son inmortais. Pero, igual que os seres humanos, tamén aman e odian.

Hai deuses da guerra, do mar, do amor, da sabedoría, da caza... Cada

deus ten a súa personalidade, que se reflicte na súa forma de comportarse. Teñen elementos distintivos, como o martelo de Thor, o raio de Zeus ou o tridente de Poseidón.



Os gregos situaron a morada dos seus deuses nun macizo montañoso: o **Olimpo**. Odín, deus nórdico, vive en **Valhalla**, un enorme palacio rodeado de bosques de follas de ouro. Thor, fillo de Odín, habita tamén nun fabuloso palacio.

Os **heroes** poden ser semideuses ou humanos. Os semideuses eran fillos dun deus e dun ser humano. Igual cós deuses, posúen calidades especiais: forza, sabedoría, astucia, beleza. Enfróntanse a todo tipo de probas e de seres (deuses, homes ou monstros fabulosos) e poden recibir axuda dalgunha divindade. Hércules, Teseo son algúns destes heroes.



MITOLOXÍA GREGA E ROMANA

ZEUS: rei dos deuses.

Deus do ceo e señor dos deuses. Facía reinar na terra a orde e a xustiza. Os romanos chamáronlle **XÚPITER**.



O seu símbolo era o raio, que podía lanzar contra os seus inimigos. O seu pai Cronos, tiña tanto medo a ser destronado por un fillo, que cando nacía un, devorábao. Zeus tivo moita sorte: a súa nai Rea, enganou a Cronos e deulle unha pedra envolta en cueiros dicindo que era o seu fillo. Cronos comeuna sen darse conta e Rea puido deixar ó seu fillo ó coidado dunhas ninfas. Cando Zeus medrou, loitou contra o seu pai nunha batalla terrible, da que resultou vencedor e liberou ós seus irmáns (si, ós que devorara Cronos porque os deuses son inmortais). Zeus repartiu o reino cos seus irmáns.

Era un seductor empedernido e tivo moitas historias de amor con outras deusas e mulleres mortais. A súa dona, que era a súa irmá Hera, desesperaba cada vez que Zeus tiña un fillo con outra muller, pero o rei dos deuses sempre protexía a cada un dos seus fillos.

HERA: dona de Zeus.

Hera era irmá e dona de Zeus, raíña dos deuses e dos homes, protectora da familia e das mulleres casadas. Os romanos chamáronlle **JUNO**.


Hera foi rescatada do interior de Cronos por Zeus. En aqueles tempos tan lonxanos, cando aínda se estaba formando o mundo e tratándose de deuses, era costume que unha irmá e un irmán puideran casar. Hera sempre foi unha esposa exemplar e fiel ó seu marido (aínda



que non poidamos dicir que el fixera o mesmo). Enfadábase moitísimo ante as constantes traizóns de Zeus.

POSEIDÓN: deus dos mares.

Poseidón era outro irmán de Zeus, gobernaba co seu tridente as augas do mar e percorría os seus dominios nun carro rodeado de golfinhos, que daban saltos ó seu arredor. Para os romanos era **NEPTUNO**.



Poseidón non era un deus guapo: tiña unhas barbas e unhas melenas que o facían parecer máis vello e a súa pel recordaba as escamas dos peixes. Cando se namorou da ninfa Anfítire, a fermosa rapaza negouse a casar. Enviou ós seus golfinhos que a convenceron para que fora a súa dona e a raíña dos mares. A pesares do seu amor por Anfítire, Poseidón tivo romances con outras mulleres (os deuses deixábanse dominar facilmente polas súas paixóns), sobre todo con ninfas dos mananciais e as fontes.

Tivo fillos sorprendentes como o cíclope dun só ollo chamado

POLIFEMO ou o famoso cabalo con ás chamado PEGASO.

AFRODITA: deusa da beleza e do amor.

Os romanos identificaron a Afrodita coa deusa **VENUS**. A súa efixie coñécese gracias ás estatuas romanas, por exemplo, Afrodita de Cnido e a Venus de Milo.

Antes de que Zeus se convertera no pai dos deuses, Crono loitou contra Urano, antigo deus do ceo. Na loita, a Urano caéronlle dúas pingas de sangue no mar e ó seu arredor formouse unha escuma (que en grego dise “afros”) da que naceu Afrodita, a deusa máis fermosa, protectora dos namorados e responsable de moitas infidelidades, pois o que máis lle gustaba era facer caer nas redes do amor a deuses e humanos. Era a dona de Hefesto.



Raquel, Miriam, Víctor, Patricia, Elsa,
Pablo, Miguel, Vicky 6º A

CONTOS

A FADA ENCANTADA

Era unha vez unha fada encantada que vivía no seu palacio.



Pero estaba moi triste porque perdera á súa filla.

Ía

todos os días buscala pero nunca daba con ela.

E pasaron dous anos.

Un día foi xunto a súa nai e pediulle que a acompañara a buscar á súa filliña. Despois de moito andar, por fin a atoparon.


Déronlle unha chea de bicos e apertas e fixeron unha festa por todo o alto.

Lucía Martínez 3º B.

O OURIZO

Había unha vez unha avoa que foi coa súa netiña Lara á veiga a recoller herba e coles para darlle de comer ás galiñas e ó porco.

Cando a avoa estaba apañando herba encontrou un ourizo e chamou por Lara para que viñera velo. Lara



nunca vira un ourizo e gustoulle moito. Cando Lara lle tocaba ó ourizo, este escondía a cabeza e sacaba as súas púas.


Ao marcharen levaron o ourizo con elas para casa, e tivérono pola bodega camiñando e comendo ratos. Lara estaba moi contenta de telo na casa. Xogaba e coidaba del.

Un día o ourizo saíu para fóra, ao xardín. Vírono os veciños, collérono e levárono para a súa veiga. E nunca máis o volveron ver.

Iria Rosas Regueira 3º B.

UN DÍA DE PRIMAVERA

Era un día de primavera moi agradable no bosque. Nas árbores, os paxaros dábanlle de comer ás súas crías.



Ao pé dun vello carballo había un ovo solitario, diminuto, de cor verde e con manchas laranxas.

- Noso non é – dixo mamá gorrión.
- Noso tampouco – dixo a agüa.

A señora pata dixo:

- Os meus ovos non son así de grandes, e tampouco son desa cor.

Desde ese día todo o mundo se esqueceu dese ovo. O vello carballo, vendo ao ovo no chan pensou que podía ter frío e entón abrigouno con algunhas follas das súas pólas. E

pensou: “E se ten frío pola noite? Tapareino máis.” E durmiu toda a noite. E á mañá seguinte apareceu un pequeno dinosaurio e o carballo adoptouno.

Katia Santomé 3ºB.

O COELLIÑO BEN



Érase unha vez unha familia de coellos que decidiron un día ir buscar comida ao monte.

Entón a mamá coello

dixo:

- Ben, vaite por ese camiño. E ti, papá coello, vaite por esoutro camiño. Eu irei polo outro de alá. E ás cinco atoparémonos aquí de novo.

Ben seguiu o seu camiño ata que chegou a unha horta na que había moitas cenorias. Colleu todas as que puido e xa se marchaba moi contento, cando se deu conta de que non sabía regresar. Entón decidiu sentarse.

Levaba media hora así cando, de repente, escoitou unhas voces que o chamaban. Eran os seus pais. Por fin xa estaban outra vez todos xuntos e felices regresaron á súa casa.

Laura Rial 3ºB.

O CONTO DA GATIÑA

Érase unha vez unha gatiña a que tiraran dun coche ao lado dunha casa na que vivía unha nena pequena

chamada Andrea, que ó vela gustoulle moito.

Colleuna, coidouna moito e deulle de comer.

Era de moitas cores: negra, laranxa, e de moitas cores máis. Chamáronlle Vaquiña.

Estivo alí uns meses. E a gatiña foi buscar a súa nai porque a botaba de menos. Estivo buscándoa uns cantos días. Andrea estaba moi preocupada pola gatiña, non sabía onde estaba. Entón foina buscar.

Despois a gatiña volveu á casa de Andrea moi triste porque non atopara á súa nai.

Pasaron uns anos e volveu buscala. Esta vez atopouna nun camiño. A nai, que se chamaba Patricia, recoñeceuna pola súa cor da pel.


E desde ese día Vaquiña e Patricia viviron para sempre na casa de Andrea.

Patricia Torres 3º B.

O NENO SOLITARIO

Érase unha vez un neno que estaba moi triste porque non tiña irmáns nin amigos, e o único que facía era mirar a televisión.

Un día empezou a ir ao colexio. Fixo moitos amigos e deixou de ser un neno triste.



Todos os días ía moi contento a estudar e a estar xunto cos outros nenos.

E así nunca máis foi solitario, nunca máis foi un neno triste.

Rudson Sanmartín 3º B.

A NENA QUE PERDEU UN ZAPATO

Había unha vez unha nena que perdeu un zapato. Ó darse conta preocupouse moito e logo ocorréuselle a idea de ir buscalo e preguntar á xente por el. Pero non o atopou. Entón a nena púxose aínda máis triste.

Ao día seguinte o seu pai, cando ía sacar o seu coche do garaxe, viu o zapatiño da súa nena. Levoullo e ela púxose moi contenta.

Cintia Alvarez 3º B.

O ARMARIO MÁXICO

Había unha vez, nun pobo de lonxe, unha familia moi pobre. El chamábase Xoán e ela María. Tiñan unha casa pequena con poucos mobles, pero entre eles había un armario que era un recordo de familia.

Un día veu de visita un primo rico de Xoán, e cando entrou na casa e mirou o armario, encantoulle. E dixo:

- Oes Xoán, canto queres polo armario?
- O armario non quero vendelo porque é un recordo dos meus avós – contestou Xoán.

Pasou o tempo, e Xoán e María eran cada vez máis pobres, non tiñan cartos nin para comer. Así que decidiron falar co seu primo para que lle

comprara o armario. María díciolle que non, pero Xoán insistía xa que non tiñan para comer.



Pero ó día seguinte cando tiñan o armario baleiro para que o levara o seu primo, María pasoulle un pano vello para limpalo. E

cando chegou a noite foise deitar, pero deixou dentro do armario o pano vello. Cando á mañá seguinte foi recolle-lo pano que esquecera, atopou unha ducia de ovos. Entón pensaron que era moi raro.

- Será máxico? –dixo Xoán

- Non creo – dixo María

Á noite seguinte deixaron un calcetín vello, e pola mañá había máis comida.

Como descubriron que era máxico, non o venderon.

Roberto Pastoriza 3º B.

A CAIXA MÁXICA

Érase unha vez un neno que se chamaba Daniel.



Un día foi de excursión ó campo e atopou unha caixa.

Levoua para casa e, na casa, diante da caixa dixo que quería froita e a caixa deulle froita.

Entón Daniel descubriu que a caixa era máxica. Así que lle pediu ouro e a caixa deulle ouro.

Daniel saíu no “Faro” e foi moi, pero que moi famoso.

Carmen, 2º B.

DAVID

Érase unha vez un rapaz chamado David. Desde moi pequeniño nunca lle gustou ir á escola, sempre choraba e choraba.

Tódolos seus profesores acórdanse del, porque, cando lle estaban a dar clase el, en vez de atender ó profesor, púñase a debuxar



barcos porque dicía que ía ser mariñeiro.


Cando xa era máis grandíño agachábase debaixo das gamelas para non ir á escola.

Cando chegaba o verán con só dez anos xa ía pescar e despois vendíalle os polbos ós veraneantes.

2º B.

OS TRES GATOS PERDIDOS

Érase unha vez tres gatiños perdidos que non tiñan nai nin pai.




Os pais morreron e eles buscaban unha familia nova.

Chegaron a unha granxa e todas as familias de alí querían ser a súa nai. Así que, viviron felices.

Nina, 2º B.

O GOLFIÑO

Érase unha vez un golfiño chamado Felín.



Felín estaba moi triste porque os tiburóns o querían atacar, pero como Felín tiña moi boas ideas ocorréuselle unha. Chamou a Tritón, o rei dos mares .

Tritón díxolle:

-Non te preocupes, eu falarei cos tiburóns para que te deixen en paz.

E así foi. Tritón díxolle ós tiburóns que se foran para outros mares.

E así, Felín puido nadar tranquilamente.

Nina, 2º B.



POESÍAS

O CAN

O can Rex
faí todo ó revés.

O can Rex
que corre moito,
ten un dono xaponés.

O can Rex
pode uli-los pés,
porque sabe
poñe-la cabeza ó revés.

O can Rex
ladra “güe-güe”,
e ademais diso,
xoga ó xadrez.

2º B.

QUE MEDO!

O vento sopraba,
o lobo ouveaba
e a miña nai
no campo choraba.



Como chora
a condenada!
A non ser por min
non sería nada!

Que medo me dou,
non é para menos!
aquel era un lobo
que comía nenos.

Alexandra Martínez 6ºB

O VECIÑO XOÁN.

Estaba na praia
moi preto dun río,
comendo castañas
co mellor amigo.

E chegou Xoán,
un vello veciño,
por aquel camiño
cantando baixiño.



Cantaba cancións
que el inventou,
coa súa muller
na Illa de Ons.

Por alí pasaba,
collendo castañas,
coas mans ben cheas
para logo asalas.

Uxía Pastoriza 6º B

A POMBA.

Érache unha pomba
buscando alimento.
Ía polo campo.
Estaba comendo.



Andaba nas leiras
comendo cebolas,
allos e repolos
e tamén cenorias.

Volveu o pombal.
Xuntouse co macho.
Tiveron pichóns.
Comeunos o gato.

Levou a mensaxe
de España a Xapón,
na que declaraba
todo o meu amor.

Sergio Torres 6º B

O VENTO.

Vento, vento
que empurras con forza
as ondas dos mares.
Empurra con forza
os meus cantares.



Cando penso en ti,
o vento ó soprar,
teño moito medo.
Póñome a cantar.

Vento, vento
que empurras con forza
na Illa de Ons,
enches o barco de auga
e mollas ó meu amor.

Angela Mª Rey 6ºB

A MIÑA CASA.

A miña casa nova
é un pouco pequena.
Está na Rúa Nova
ó lado dunha maceira.



Ó lado da maceira
vivía a veciña
que tiña unha casa
moi preto da miña.

Un día pasou meu primo
queríama ver,
pero primeiro
tíñao que saber.

Tiña que saber
que era vermella.
Así o meu primo
daría con ela.

Pablo Reiriz 6º B

O CAMIÓN DE RAMON.

O pobre Ramón
colleu a mochila.
Ía no camión
camiño da China.



Rompeu a tracción,
tiña outra en Melilla,
Tamén un canón
que atopou na illa.


Partiu unha perna
cargando o camión.
Atopou unha perla,
que grande ilusión!

Pablo Pousada 6º B

A MIÑA CADELA

Eu teño unha cadela
que ten catro anos,
tivo cinco fillos
e os cinco regalamos.

A miña cadela
está moi namorada
e cando lisca da casa



custa moito collela.

A cadela teimuda
non sei que facer con ela,
bérraslle para que cale
e non queda muda.

Cristian 6º A.

OS REIS

Van cruzando o deserto
os tres Reis con alegría,
alumeando o ceo aberto
unha estrela que os guía.



Queren chegar e adorar
ó fillo do divino Deus
para sempre recordar
que para salvarnos veu.

Imos ir todos cantar
con emoción e alegría
para que deixe de chorar
e nos bendiga este día.

Durmido está na seu berce,
súa nai o está coidando
entre un raio de lúa
os anxos lle están cantando.

Miriam Ferradás 6º A.

O INVERNO

O inverno é unha estación
na que moitas veces chove,
que grande é a emoción
cando vexo caer a neve!

O inverno é unha estación
na que che fai moito frío,
que contento está o meu corazón
cando vexo chegar ós meus tíos!

Raquel 6º A.



O OUTONO

O outono comezou
con el as chuvias
e os ventos



O sol
non
quenta
o frío
xa chegou



Os días son moi tristes
o outono comezou

Pablo Alonso 6º A.

O MAR

O mar é moi bonito,
eu quero xogar,
nunha inmensa praia
coas ondas do mar.



Os mariñeiros aman o mar,
traballan sen parar,
sardiña e rodaballo.
vaia traballo!

Ángela López 6º A.

DISPARATES

Se ti viras o que eu vin,
na feira de Portosín,

vinte e cinco cans xuntos,
dacabalo dun xabarín.

Se ti viras o que eu vin,
na feira de Portugal,
vinte e cinco lobos xuntos,
dacabalo dun marsupial.

Se ti viras o que eu vin,
na feira de Sarangón,
trinta e cinco pitos xuntos,
por enriba dun dragón

Se ti viras o que eu vin,
nunha feira de Bueu,
trinta e tres xastres xuntos,
enriba dun bucareu.

Se ti viras o que eu vin,
quedabas abaneando,
un porquiño con ovos,
e unha aguiá roncando.

Se ti viras o que eu vin,
quedabas abaneando,
unha cadela con pitos,
e unha galiña ladrando.

Se ti viras o que eu vin,
na casa dos veciños,
vinte e cinco nenos xuntos,
dacabalo dun golfiño.

Se ti viras o que eu vin,
na leira de Torrecela,
vinte e oito polos xuntos,
queimadiños nunha vela.

Se ti viras o que eu vin,
quedabas asombradiño,
unha vaca con langostinos,
e unha langosta muxindo.

3º A.

O LIBRO VIAXEIRO

Un **LIBRO VIAXEIRO** é unha historia que se constrúe entre todos.

Tódolos alumnos da nosa escola, axudados polos mestres, son os autores destas páxinas.



I

Había unha vez unha sereíña que estaba a nadar pola auga e atopou un peixe...



II

... moi grande e de moitas cores. Estaba moi triste porque andaba perdido no medio do mar.



III

Ó principio, a sereíña non lle fixo moito caso e seguiu facendo o que máis lle gustaba no mundo...: LER. Pero despois...



IV

Ó pasar a folia do libro, algo lle chamou a atención: O peixe de cores estaba no libro!



V

A carón da súa foto podíanse ler as seguintes palabras: "Peixe en perigo de extinción". Entón a serea...



VI

Deixou o libro e saíu nadando na procura de peixe. Cando o atopou, o peixe estaba chorando.

- Por que choras?, preguntou a serea.
- Teño medo. Contestoulle o peixe.



VII

Contoulle tamén que tivera que fuxir deixando familia e amigos atrás, pois de onde el viña os homes estaban a matar a todos os da súa especie.



VIII

- Non te preocupes, aquí podes estar tranquilo, isto é un "PARQUE NATURAL", todas as especies estamos protexidas. Os homes non poden entrar. Explicoulle a serea.
- Xa, pero estou preocupado polos meus. Non sei se estarán a salvo - dixo o peixe."



X

Que contentos vos vexo!, esa música tan agradable que soa, saévos do corazón pola tranquilidade que temos agora nos mares.



IX

Estou cavilando na forma de axudarte a ti e ós demais peixes do mar, pero claro, as persoas teñen que pescar para comer, e, para garda-lo equilibrio da natureza... Ah! Xa sei, mandamos ós peixes voadores polos mares do mundo; pasarán por Gran Sol, Malvinas, Canadá, Area de Bon, por Lagos e Pola illa de Ons tamén !!!

IX

levarán carteis e deixarános ben cravados para que o vento non os tire. Así salvaremos parte da túa familia e parte doutras, todos quedades felices e nunca vos extinguiredes. Tedes dereito como todos os seres vivos a ser respectados e medrar na harmonía que merecedes.




DEPORTES



Este curso, como xa é tradicional, están en marcha as ligas dos recreos de BALONMÁN e FUTBITO, para os Ciclos 2º e 3º de Educación Primaria. Nestes intres rematou a 1ª destas ligas, que é a de BALONMÁN FEMININO, resultando CAMPIONAS as nenas dos equipos seguintes:

	4º. Sara Menduiña Soage. Alexia Vidal Martínez. Ana Antepazo Regueira. Eva Otero Pastoriza. Laura Pousada Ferradás. Iria Pastoriza Fariña.	
--	---	--



	6ºA. Ángela López Ferradás. Raquel Álvarez Martínez. Míriam Ferradás González. Patricia Comedeiro Alfaya. Elsa Duarte Simoes.	
--	---	--

Tamén queremos celebrar, durante este curso, outras competicións no patio cuberto, por Ciclos e nos recreos, de VOLEIBOL, BALONCESTO e TENIS DE MESA, tanto masculinas como femininas, sempre e cando as circunstancias

(humanas e materiais) e o tempo nolo permitan.

Por outra parte, informamos da intención de por en marcha en xaneiro, por 6º ano consecutivo, a actividade de BALONCESTO do Colexio, para os nenos/as de 6º de Educación Primaria e os ex-alumnos/as de 1º e 2º de E.S.O., que se vai celebrar tódolos mércores (de xaneiro a maio) entre as 16'00 h. e as 18'00 h. no patio cuberto. En canto á distribución do tempo, aclarar que a primeira hora estará dedicada fundamentalmente ás nenas e a segunda ós nenos. Esta actividade está dirixida polo mestre de Educación Física do Colexio D. Manuel Amador Alonso López, sendo totalmente gratuíta, lúdica e voluntaria. A data concreta de inicio darase a coñecer no mes de decembro, xunto cos impresos para os permisos paternos dos nenos/as interesados.



PASATEMPOS

COMO SE DI?:

En alemán:

Bus: suban-empurren-estrujen-baixen.

En árabe:

Bico: móllame-a-jeta.



En chinés:

Cabelo sucio: chin-champú.

Despeiteada: chin-seu-peite.

Embarazada: ta'-inchá.

O ministro chinés sen carteira: Me Lan Kitao.

O ministro de Facenda xaponés: Nikito Nipongo.

En lapónés:

Varredor: yoquito-lacaca.

Bebé: Toi toito kagaito.

Bomba atómica: Nicaca keda.

Papel hixiénico: Kita Kakita.

Piloto: popoco-memato.



En ruso:

Insecto: moshka.

Can xantando donuts: Troski maska roska.

Suegra: storva.

En zulú:

Avoa: tata.

Cemiterio: tumba-tumba.

Marisco: gamba.

Pan: bimbo.

Bocadillo de marisco: bimbo-gamba-bimbo.

A avoa morreu por comer un bocadillo de marisco en mal estado: tata-tumba; bimbo-gamba-bimbo ruín.

Venda de ocasión: ganga-ganga.



- Mamá, mamá, no cole chámanme garda civil.
- Pero, meu fillo, que me dis. E iso por que?
- Aquí as preguntas fágoas eu!

- Mamá, mamá, no cole chámanme cabezón.
- E ti que lles dis, fillo?
- Eu persígoos.
- E cóllelos?
- Como? Se se meten por calellas estreitas!

- Mamá, mamá, no colexio chámanme egoísta.
- Pois dilles que caca pa' eles!
- Non, pa' min, pa' min!

- Mamá, mamá, no colexio chámanme antipática.
- Perdoa, filla, non te oio...
- NON REPITO!

Un home vai a un avogado.

- E vostede, canto cobra por unha consulta rápida?
- 60 euros por tres preguntas.
- Vaia, é un pouco caro, non?
- Si... e dígame, cal é a terceira pregunta?



XEROGLÍFICOS:

Aprendiz de soldado



Para o pescozo



cartel



Por que os bilbaínos usan txapela?
... porque é “fundamental”.

O capitán dun barco, de noite, ve unhas luces dirixíndose directamente para el, e rapidamente intenta falar co outro capitán por radio:

- Aquí o capitán do “Invencible”, dirixíndose ao barco sen identificar, estamos en rumbo de colisión, cambie o seu rumbo 10 graos ao sur. Troco.
- Rectifique vostede o seu rumbo 10 graos ao norte. Troco.
- Oia, que son un capitán, e ordénolle que cambie o seu rumbo 10 graos ao sur! Troco!
- Pois mire, eu só son un mariñeiro de segunda, pero insisto en que sexa vostede o que modifique o seu rumbo 10 graos ao norte. Troco.
- Pero é que isto é un portaa-vións, e teño prioridade, e teño prioridade! Troco!
- Dáme igual, isto é un faro.



Que é unha lápida?
Unha chinesa que corre moi de présa.



Dúas nais falan dos seus respectivos fillos:

- Teño un fillo máis parvo...!
- Pois anda que eu!

Os dous fillos achéganse, e di a nai 1:

- Anda, Marianiño, vai á casa a ver se estou.

O neno vaise. E di a nai 2:

- Anda, Santiaguíño, toma este euro e cómprame unha TV de cor.

E o neno tamén se vai. Durante o camiño, atópanse os dous, e din:

- Teño unha nai máis parva...!
- Pois anda que eu!
- Fíxache, a miña mándame ir á casa a ver se está ela e non me dá a chave.
- Pois fíxate a miña, que me dá un euro para comprar unha TV de cor, e non me di de que cor a quere.



Un bébedo que vai conducindo e vai dun lado a outro da estrada, párao un garda civil e dille:

- ALTO, A GARDA CIVIL! Ímoslle facer a proba da alcolemia. E o bébedo responde:
- Que pasa? Aínda non o cren?



SUMA DE NÚMEROS NUN CALENDARIO

Trátase de poder sumar os nove números contidos no cadrado seleccionado no calendario, abondando que nos digan o número menor do cadrado. Neste caso trátase do número 7.

Para indagar a suma, debemos sumar 8 e despois multiplicar por 9:

$$(7 + 8) \cdot 9 = 135$$

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



SOLUCION



ADIVIÑAS

1

Que é unha cousa cousiña
que canto máis pesa
máis camiña?

2

Ten bombo
e moitos titiriteiros
pegando tombo;
cantareiros rapazolos;
orquestra que toca a poucos.

3

Cabe nunha man
e tapa como un gabán.

4

Ten un rabo conectado
e fai furados cun peteiro;
non é paxaro carpinteiro.

5

Agachado nos penedos
o señor Trapalatrá.
Respondón,
lingoreteiro,
contestador automático
que repite o teu falar.

6

Unha cousa pequeniña
non fala verdade,
non conta mentira.

7

Un amasando
e a mesa andando.
Métese no forno a cocer
e non se pode comer.

8

Uns parados tocando,
tócanse outros
o cu meneando.

9

O que sentes
e non ves,
teno ROMA
do revés.

10

Nave que sube,
nave que baixa.
Queda no ceo o astronauta,
tocando a carraca.

2

1			B	
			E	
3			L	
4		U		
5		S		
6		O		



3º B.

RESOLVE O ENCRUCILLADO

- 1 Conxunto de persoas que vive nun determinado lugar.
- 2 A nosa lingua.
- 3 Recipiente redondo, xeralmente con asas, para usos culinarios.
- 4 Oso maior do antebrazo.
- 5 Gas que resulta indispensable para a vida.
- 6 Augaceiro forte, tempestade violenta.

ARRODEA AS CIFRAS DOS SEGUINTE NÚMEROS.


- Oitocentos un.
- Cento trinta e cinco.
- Douscentos corenta e seis.
- Mil catrocentos setenta.
- Catro mil vinte e sete.
- Sete mil oitenta e cinco.
- Oitenta mil trece.
- Vinte e un mil trescentos cincuenta e nove.
- Trece mil cincocentos setenta e nove.

3º B.

4027	135	13579
1470	7085	246
21359	801	80013

SOLUCIÓNS: 1. A agulla da balanza. 2. A lotería. 3. O paraugas. 4. O trade. 5. O eco. 6. A adiviña. 7. O barro. 8. O baile. 9. Amor. 10. O foguete.

3º B.



Era un tío tan parvo, tan parvo, tan parvo, que desde que perdeu un dedo só sabía contar ata nove.

- Mamá, mamá, no colexio chámanme “bo-cagrande”
- Anda, neno, cala e tráeme a pa que che vou dar o iogurt.

Un avogado chega ó seu traballo o primeiro día. Unha secretaria entra no seu despacho e dille que ten unha visita; o avogado dille que lla faga pasar, entón colle o teléfono e empeza:

... E dígalle ó señor Gómez que non estaremos dispostos a aceptar menos de tres millóns, e que non se moleste en chamar a menos que estea de acordo nesta base. Está claro? (colga). Bos días, en que podo axudarlle?

- Boas, veño da telefónica a conectarlle o teléfono.

Dúas velliñas, un pouco xordas, merendendo o día de Noiteboa.

- Esta leite non está boa!
- E mañá Navidad!

....

Era tan alto, tan alto, que tropezou o xoves e caeuse o domingo.

....

Era tan alto, tan alto, que tiña unha nube no ollo.



É posible que Antón case coa irmá da súa viúva?





O C.E.I.P. DE BELUSO DESÉXAVOS UNHAS

FELICES FESTAS!!!



NADAL



C.E.I.P. Montemogos-Beluso